

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 2 de maio de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da senda peonil no Camiño de Santiago primitivo, na estrada LU-530, entre os puntos quilométricos 6+800 e 8+100, de clave LU/21/113.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.*

Antecedentes:

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas, do 2 de maio de 2022, aprobouse provisionalmente o documento de información pública do proxecto de construción da senda peonil no Camiño de Santiago primitivo, na estrada LU-530, entre os pp.qq 6+800 e 8+100, de clave LU/21/113.06, no municipio de Lugo.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2, que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos. Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar da economía, do patrimonio e do urbanismo.

A actuación prevista no proxecto comprende a implantación dun itinerario peonil que mellora a seguridade viaria da estrada, mediante a separación física do tráfico de vehículos do tráfico peonil. A dita senda coincide coa traza do Camiño primitivo-Camiño de Santiago, na marxe esquerda da estrada LU-530, e terá un ancho mínimo de 4 metros, buscando en todo caso a integración do Camiño de Santiago nunhas condicións de seguridade axeitadas e cuns criterios de deseño sostibles ambiental e economicamente.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,



**RESOLVO:**

Primeiro. Que para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se someta ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Segundo. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Lugo (rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo) e na Casa do Concello de Lugo (praza Maior, 1, 27001 Lugo).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, (<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados  
Proxecto de construción  
Senda peonil no Camiño de Santiago primitivo, na estrada LU-530 entre os pp.qq 6+800 e 8+100, de clave  
LU/21/113.06**

Concello de Lugo

Nº de predio	Ref. catastral	Titular	NIF/CIF	Superficie total (m <sup>2</sup> )	Superficie afectada (m <sup>2</sup> )	Cultivo	Bens afectados
1	27900A41600075	Castedo Ferreiro, José Antonio	***2463**	196.812	2.161	Monte baixo	
2	27900A41500010	Castedo Ferreiro, José Antonio	***2463**	11.196	677	Matogueira	
					350		
3	27900A41500036	Fernández Ramil, Saldina García Figueroa, Cesáreo (hdros.)	***6013**	3.721	531	Monte alto	– 95 m de muro de bloque de formigón e malla de arame. – 531 m <sup>2</sup> de arboredo
4	27900A41500044	Fincas Carballido, S.L.	B81292047	44.474	701	Monte baixo	
5	27900A41400084	Matadero de Aves Suavi, S.L.	B27257146	27.588	58	Árbores de ribeira	– 58 m <sup>2</sup> de árbores de ribeira
6	27900A41400013	Fincas Carballido, S.L.	B81292047	76.099	1.477	Labradío	– 15,75 m <sup>3</sup> de valado de pedra sobre pedra
7	27900A41400009	Barreira Villanueva, Antonio	***0438**	162.226	505	Labradío	– 120 m de peche de pedra con malla de arame e postes

Situación básica do solo: rural.

Clasificación urbanística: rústico.

